



Plan Proxecta: *Por 365 días de respecto e igualdade.*

DÍA DAS LETRAS GALEGA. DÍA DE XELA ARIAS

Dentro do Plan Proxecta 2020-2021, *Por 365 días de respecto e igualdade* e co gallo do **Día das Letras Galegas**, quixemos renderlle a nosa homenaxe a **Xela Arias**, para reivindicar a necesidade de homenaxear a máis mulleres, xa que dende que se instaurou en 1963 o Día das Letras Galegas, só foron cinco as mulleres homenaxeadas, fronte aos 54 homes.

En 1963, con motivo do centenario da publicación de Cantares Gallegos foi Rosalía de Castro; en 1987, Francisca Herrera Garrido; en 2007, María Mariño; en 2018, María Victoria Moreno Márquez e este ano, 2021, Xela Arias.

Así o alumnado de 1º ESO A levou a cabo un vídeo informativo sobre a autora das Letras e o alumnado de 2º ESO C elaborou un rap en colaboración do Departamento de Música.

Deixámosvos os enlaces para que os poidades gozar.

Vídeo Xela Arias

<https://youtu.be/APq2o21GDzA>



Enlace do RAP feito polo alumnado de 2º ESO C

https://www.ivoox.com/xela-arias-audios-mp3_rf_70156207_1.html